

## Rúbrica de avaliación do reto final: O gran libro das emocións

|  | Excelente  | Bo   | Suficiente  | Insuficiente  |
|--|--|--|---|---|
| <b>1. Investigación e recollida de información</b>           | O alumnado realiza unha investigación exhaustiva e rigorosa sobre lendas e historias da súa contorna, utilizando diversas fontes e seleccionando información relevante.  | O alumnado realiza unha investigación adecuada, pero pode haber algunhas lagoas na información recollida ou pouca variedade nas fontes. (1.75)   | O alumnado realiza unha investigación superficial e incompleta, con pouca información relevante ou fontes limitadas. (1.50)   | O alumnado non realiza unha investigación adecuada ou non recolle información relevante. (1.25)   |
| <b>2. Comprensión e aplicación de conceptos lingüísticos</b> | O alumnado demostra unha comprensión profunda e precisa dos conceptos lingüísticos traballados e aplícaos correctamente nas súas producións. (2)   | O alumnado demostra unha comprensión xeral dos conceptos lingüísticos, pero pode haber algunhas imprecisións ou erros na súa aplicación. (1.75)  | O alumnado demostra unha comprensión básica dos conceptos lingüísticos, pero comete erros frecuentes na súa aplicación. (1.50)  | O alumnado non demostra unha comprensión suficiente dos conceptos lingüísticos. (1.25)  |
| <b>3. Creación narrativa e expresión emocional</b>           | O alumnado crea narracións orixinais e creativas que transmiten emocións de forma eficaz e evocadora, utilizando unha estrutura narrativa clara e recursos literarios variados. (2)  | O alumnado crea narracións que transmiten emocións de forma xeralmente efectiva, pero poden ser pouco orixinais ou presentar algunhas debilidades na estrutura ou no uso de recursos. (1.75)   | O alumnado crea narracións sinxelas que transmiten emocións de forma limitada, con pouca orixinalidade e unha estrutura narrativa básica (1.50)   | O alumnado non crea narracións que transmitan emocións ou estas son incoherentes e carecen de estrutura. (1.25)   |
| <b>4. Traballo en equipo e colaboración</b>                  | O alumnado traballa de forma colaborativa e eficaz no seu equipo, participando activamente nas tarefas, respectando as ideas dos demais e contribuíndo á creación dun ambiente de traballo positivo. (2)                                   | O alumnado traballa en equipo de forma xeralmente positiva, pero pode haber algunha desigualdade na participación ou algunha dificultade na comunicación. (1.75)   | O alumnado ten dificultades para traballar en equipo, con pouca participación, comunicación deficiente ou falta de respecto ás ideas dos demais. (1.50)   | O alumnado non traballa en equipo ou faino de forma moi conflitiva. (1.25) O alumnado non traballa en equipo ou faino de forma moi conflitiva. (1.25)                             |
| <b>5. Produto final: lenda adaptada</b>                      | O equipo elabora unha versión orixinal da lenda de alta calidade e unha adaptación moi eficaz, presentadas nun folio da cor correcta con boa letra, limpeza e coidado. A ortografía e a gramática son impecables en ambas as versións. (2) | O equipo elabora unha versión orixinal da lenda xeralmente boa e unha adaptación adecuada, presentadas nun folio da cor correcta con letra lexible e limpeza xeral, aínda que pode haber algunha pequena imperfección. A ortografía e a gramática son xeralmente correctas. (1.75) | O equipo elabora unha versión orixinal da lenda sinxela e unha adaptación con limitacións, presentadas nun folio (posiblemente da cor incorrecta) con letra pouco lexible ou falta de limpeza. A ortografía e a gramática presentan erros frecuentes. (1.5) | O equipo non elabora unha versión orixinal da lenda nin unha adaptación adecuadas, ou non as presenta no formato indicado. A ortografía e a gramática son moi deficientes. (1.25) |



“Rúbrica de avaliación do reto final”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

